



Estatutos da Unión de Federaciones Deportivas Galegas (UFDEGA)

Capítulo I: Disposicións xerais.

Artigo 1.- Denominación.

Coa denominación de Asociación UNIÓN DE FEDERACIONES DEPORTIVAS GALEGAS (UFDEGA), constitúese unha entidade sen ánimo de lucro, de carácter privado e de duración ilimitada, ó amparo do artigo 22 da Constitución Española e Lei Orgánica 1/2002, do 22 de Marzo, reguladora do dereito de asociación, polas normas concordantes e ás que en cada momento lle sexan de aplicación.

Artigo 2.- Fins.

A Asociación terá como fins:

- 1) Promover, defender e representar o deporte federado galego.
- 2) Defender os intereses comúns das Federaciones Deportivas Galegas asociadas.
- 3) Establecer as estruturas administrativas ou de asistencia técnica ás Federaciones Deportivas de Galicia, e exercer de canle entre elas.
- 4) Asesorar e colaborar coas institucións públicas e privadas de todo tipo, no referente o deporte federado galego en xeral, e o seu desenvolvemento e mellora.
- 5) Fomentar o deporte, como un medio básico, para o desenvolvemento integral do individuo.
- 6) Divulgar unha conducta ética deportiva.
- 7) Apoiar e promover as seleccións galegas nas competicións estatais e internacionais.
- 8) Propoñer cantas iniciativas sexan necesarias para unha mellor política deportiva galega.
- 9) Calquera outro fin de acordo cós presentes estatutos e normas vixentes, con respecto ás funcións e competencias propias das federacións asociadas.

Artigo 3.- Actividades.

Para o cumprimento destes fins, a asociación poderá realizar as seguintes actividades:

- 1) Asesoramento ás Federaciones Deportivas Galegas.
- 2) Colaboración coas distintas administracións públicas competentes en materia deportiva.
- 3) Xuntanzas, cursos, simposios, foros, debates e encontros en relación co deporte.
- 4) Eventos lúdicos, festivos e deportivos.
- 5) Campañas de promoción e difusión do deporte.
- 6) Negociacións e reclamacións amistosas ou contenciosas.
- 7) Convocar e organizar a Gala, en recoñecemento ós deportistas, técnicos, directivos, xuíces e árbitros, así como a entidades deportivas e institucións destacadas.
- 8) Cantas outras acorden os órganos de goberno en cada intre para lograr os fins do artigo anterior.

En ningún caso a UFDEGA, asumirá as funcións ou actividades que sexan de competencia propia de cada Federación asociada.

Artigo 4.- Domicilio e Ámbito.

A Asociación establece o seu domicilio social en Santiago de Compostela, no Estadio Multiusos de San Lázaro s/n, e o seu término de actuación comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. O domicilio social poderá mudarse dentro de Santiago de Compostela por acordo da Xunta Directiva da UFDEGA. Para poder trasladar o domicilio a outra cidade dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, será preciso acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, alcanzado por maioría simple dos seus asistentes.



Artigo 31.- Patrimonio Inicial, Réxime económico e peche do exercicio.

A asociación no momento de iniciar as súas actividades non dispón de patrimonio. O peche do exercicio económico coincidirá cón do ano natural.

A asociación funcionará en réxime de orzamento anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de orzamentos será elaborado polo tesoureiro da asociación, que deberá telo preparado con vinte días de antelación á Asemblea Xeral Ordinaria.

O peche do exercicio da Asociación coincidirá con último día do ano natural.

Na Asemblea Xeral Ordinaria aprobarase ou censurárase os orzamentos e as contas do exercicio anterior.

Artigo 32.- Sinatura mancomunada contas bancarias.

Para operacións e disposición de fondos das contas que a asociación terá nas entidades bancarias será necesaria a sinatura mancomunada de dúas persoas, o Tesoureiro e o Presidente ou Secretario.

Capítulo VI: Regulamento de Réxime Interno

Artigo 33.- Finalidade do Regulamento de Réxime Interno.

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos ou completará as xa contempladas, como o procedemento de Réxime Electoral, ou o Réxime Disciplinario; non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos presentes Estatutos. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

Capítulo VII: Modificación de Estatutos e Disolución.

Artigo 34.- Modificacións dos Estatutos.

Os presentes estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado pola maioría de 2/3 dos asociados presentes ou representados. A proposta de convocatoria deberá ir na compañía do texto das modificacións propostas.

Artigo 35.- Acordo de Disolución.

A Asociación disolverase:

- a) Pola vontade dos asociados expresada mediante acordo da Asemblea Xeral.
- b) Pola imposibilidade de cumprir os fins previstos nos estatutos apreciada polo acordo da Asemblea Xeral.
- c) Por sentenza xudicial.

O acordo de disolución adoptárase pola Asemblea Xeral, convocada o efecto, por maioría de 2/3 dos asociados presentes ou representados.

Artigo 36.- Comisión Liquidadora.

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará unha Comisión Liquidadora, formada por tres asociados, que xunto o presidente e o tesoureiro, procederán para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Se existira haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou semellantes fins que os desta asociación ou ben a unha entidade benéfica.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondinte para proceder á inscrición da disolución da asociación.

Os liquidadores terán as funcións que establecen os apartados 3 e 4 do artigo 18 da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de Marzo.



Capítulo II: Os asociados

Artigo 5.- Requisitos para asociarse.

Poderán pertencer a Asociación aquelas Federaciones Deportivas Galegas, debidamente inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia, con capacidade de obrar, non suxeitas a condicións legais que o impidan e que teñan interese no desenvolvemento dos fins da Asociación.

As Federaciones vencelladas estarán representadas polo seu Presidente ou pola persoa designada expresamente polo órgano competente. O Presidente ou o representante designado exercerá os dereitos e obrigas da Federación como asociado.

Artigo 6.- Integración na asociación.

As Federaciones deportivas galegas que desexen ser membros da UFEDEGA, deberán aprobalo no seu órgano competente, e solicitar formalmente a súa admisión, de conformidade cós requisitos e procedementos establecidos nos presentes Estatutos.

Non se poderá denegar a admisión a unha Federación Deportiva Galega que cumpra os requisitos. As Federaciones Deportivas Galegas que desexen a súa incorporación a UFEDEGA despois do acto constitucional, deberán dirixir o Presidente da mesma un escrito de solicitude e a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos. A Xunta Directiva resolverá sobre a admisión ou inadmisión.

Artigo 7.- Causas de perda da condición de asociado.

Perderase a condición de asociado por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por falla de pago das cotas periódicas.
- c) Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que perxudiquen gravemente os intereses da Asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia da Federación interesada.
- d) Por extinción da personalidade xurídica da Federación asociada, perda do seu recoñecemento legal.

A expulsión de asociados nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 8.- Dereitos dos asociados.

Os asociados teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación.
2. Exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea xeral, de acordo cós estatutos.
3. Ser informados da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
4. Ser oídos con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles e ser informados dos feitos que den lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
5. Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
6. Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva en orde o mellor cumprimento dos fins da Asociación.

Artigo 9.- Obrigas dos asociados.

Son obrigas dos asociados:

1. Compartir as finalidades da asociación e colaborar activamente para a súa consecución.
2. Pagar as cotas que se establezan.
3. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
4. Acatar e cumprir os acordos válidamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
5. Acatar o contido dos estatutos.
6. Ter unha boa conduta individual e cívica.



Capítulo III: Órganos da Asociación.

Artigo 10.- Órganos de goberno e representación da Asociación.

Os órganos de goberno e representación da Asociación son, respectivamente, a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e o Presidente.

Artigo 11. A Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará formada por tódalas Federaciones Deportivas Galegas asociadas. O presidente e o secretario da Asemblea serán o presidente e o secretario da Xunta Directiva.

Artigo 12.- Reunións.

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ó ano dentro do primeiro semestre e as extraordinarias cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 25 por cento dos socios. Neste último caso realizarase por medio dun escrito dirixido ó presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 13.- Convocatorias.

As convocatorias das Asembleas Xerais Ordinaria e Extraordinaria, faranse por escrito, expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día, convocadas con 15 días de antelación polo presidente da Xunta Directiva. A notificación farase no domicilio dos asociados. Poderá facerse constar unha segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un tempo inferior a trinta minutos. Tamén quedará válidamente constituída a Asemblea Xeral, sen previa convocatoria, cando estén presentes tódolos membros e decidan constituírse en Asemblea.

Artigo 14.- Quórum de validez de constitución.

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán válidamente constituídas cando concorran a elas, ó menos a metade dos asociados con dereito a voto na primeira convocatoria; en segunda convocatoria quedará válidamente constituída cós asociados que estiveran presentes.

Artigo 15. Acordos.

Cada un dos membros da Asemblea Xeral terá un único voto, non admitíndose en ningún caso a delegación de voto, nin o voto por correo.

Os acordos tomaranse por maioría simple de votos dos presentes, salvo nos supostos de modificación dos estatutos, disolución da asociación, disposición ou enaxenación de bens ou remuneración dos membros da Xunta Directiva, nos que será necesaria una maioría de 2/3 de votos dos presentes, decidindo no caso de empate o voto de calidade do Presidente, ou de quen faga as veces. A continuación levaranse os acordos ó libro de actas e asinarao o secretario có visto bo do presidente da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría dos membros presentes.

Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados, incluso ós non asistentes.

Artigo 16.- Facultades da Asemblea Xeral Ordinaria.

Son competencia da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Elección do Presidente.
- b) Elixir e cesar os integrantes da Xunta Directiva.
- c) Examinar e aprobar os orzamentos anuais e as contas.
- d) Aprobar, no seu caso a xestión da Xunta Directiva.
- e) Fixar as cotas ordinarias o extraordinarias.



UNIÓN FEDERACIÓN
DEPORTIVAS GALEGAS

Artigo 17.- Facultades de la Asemblea Xeral Extraordinaria.

Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Aprobar as modificacións dos estatutos da Asociación.
- b) Aprobar a integración noutras entidades.
- c) Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- d) Acordar a disolución da asociación.
- e) Designar os/as liquidadores/as.
- f) Ratificar a expulsión de asociados e asociadas á proposta da Xunta Directiva.
- g) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- h) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
- i) Aprobación de moción de censura ó Presidente e a Xunta Directiva.
- j) As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
- k) Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 18.- O Presidente.

O Presidente da asociación será designado pola Asemblea Xeral entre os asociados e o seu mandato durará catro anos, é o órgano de goberno e representante da Asociación. Será asistido nas súas funcións por un vicepresidente, que o substituirá nos casos de ausencia ou enfermidade.

O presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente a asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva; presidir as sesións da Asemblea Xeral; dirixir as deliberacións dunha e doutra, e decidir con voto de calidade, no caso de empate.
- c) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto có secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento do que se trate.
- f) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, resulte necesaria ou axeitada para o desenvolvemento das súas actividades, sen prexuízo de dar contas posteriormente a Xunta Directiva.

No caso de dimisión ou cese do presidente deberanse convocar eleccións á Xunta Directiva e presidente, que rexiranse polos presentes Estatutos e polo Regulamento de desenvolvemento dos mesmos, no prazo máximo de tres meses.

Artigo 19.- Natureza, composición e elección da Xunta Directiva.

1.- A Xunta Directiva é o órgano de goberno que xestiona os intereses da Asociación dacordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral. Estará composta por un mínimo de cinco e un máximo de quince membros. Será presidida polo Presidente da asociación, e formarán parte dela o Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e o número de Vocais que en cada caso se estableza. O Presidente, Vicepresidente, Secretario e Tesoureiro da Xunta Directiva serano tamén da Asociación e Asemblea Xeral.

2.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuita, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.

As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

3.- A elección dos cargos da Xunta Directiva corresponde á Asemblea Xeral. A súa duración será por un período de catro anos.

4.- Os cargos cesarán na súa función por:

- a) Finamento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b) Renuncia voluntaria.
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos.
- d) Acordo de cesamento de toda ou parte da Xunta Directiva adoptado por 2/3 dos asociados reunidos en Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.



A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Artigo 20.- Reunións e quórum de constitución e adopción de acordos.

A Xunta Directiva reunirse previa convocatoria do Presidente, cunha antelación de non menos de cinco días, reunirse unha vez o trimestre e cantas veces o determine o seu Presidente ou a petición de tres dos seus membros. Quedará validamente constituída cando asista a metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria, ou tres deles en segunda convocatoria, e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser adoptados por maioría de votos dos presentes. No caso de empate, será de calidade o voto do Presidente ou de quen faga súas veces.

O Secretario ou, no seu defecto, un Vocal que o substitúa, levantará acta das sesións.

Artigo 21.- Facultades da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Programar e dirixir as actividades asociativas.
2. Levar a xestión administrativa e económica da asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
3. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
4. Elaborar e someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así coma o estado de contas do ano anterior.
1. Elaborar, no seu caso, o Regulamento de Réxime Interno.
5. Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
6. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
7. Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación, así como Delegados para algunha determinada actividade da Asociación, e xerente e asesores.
8. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.
9. Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
10. Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
11. Calquera outra que non sexa atribuída expresamente a Asemblea Xeral ou Presidente.

Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituir, có fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Artigo 22.- O Vicepresidente.

O Vicepresidente substituirá o Presidente en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outro motivo, e terá as mesmas atribucións ca el.

Artigo 23.- O Secretario.

O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas có visto e prace do presidente, comunicacións á Administración. O secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.

Artigo 24.- O Tesoureiro.

O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.



Artigo 25.- Os Vocais.

Os Vocais terán as obrigas propias do seu cargo coma membros da Xunta Directiva e realizarán programas e propostas na súa área de actuación.

Capítulo IV: Réxime Electoral.

Artigo 26.- Réxime Electoral.

O Réxime Electoral da Unión das Federacións deportivas Galegas, rexirase polos presentes Estatutos e no Regulamento de desenvolvemento dos mesmos.

Artigo 27.- Eleccións Xunta Directiva e Presidente.

A Xunta Directiva elixirase cada catro anos mediante sufraxio libre, directo e secreto emitido polos membros da Asemblea Xeral, previa presentación de candidaturas formadas por listas pechadas e bloqueadas cá designación dos cargos que se propoñen ostentar ós membros da cada candidatura, sendo elixido Presidente a persoa que encabeza a lista.

Soamente poderán optar a formar parte das candidaturas a Xunta directiva os membros da Asemblea Xeral.

Artigo 28. Xunta Electoral.

A Xunta electoral será unipersonal e será designada por sorteo público entre tódolos representantes das Federacións membros, ó igual co seu suplente, tendo entre os seus cometidos:

- a) Aprobar o calendario electoral.
- b) Proclamar e publicar as candidaturas presentadas.
- c) Velar polo axeitado desenvolvemento das votacións.
- d) Efectuar o recuento de votos, previa identificación dos votantes.
- e) Resolver calquera cuestión que afecte directamente ó desenvolvemento do proceso electoral.

Capítulo V: Réxime Económico e Documental.

Artigo 29.- Obrigas documentais e contables.

A Asociación disporá dunha relación actualizada de asociados. Asímesmo, levará unha contabilidade onde quedará reflexada a imaxe fiel do patrimonio, os resultados, a situación financeira da entidade e as actividades realizadas. Tamén disporá dun inventario actualizado dos seus bens.

No Libro de Actas, figurarán as correspondentes ás reunións que celebren os seus órganos de goberno e representación.

Artigo 30.- Recursos Económicos.

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos seus fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas periódicas dos asociados.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
- c) As subvencións e doazóns que puidera percibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas ou entidades.
- d) Os ingresos que poidan percibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- e) Calquera outro recurso lícito.